



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADRÓN

Anuncio bases convocatoria de subvencións municipais de concorrencia competitiva dirixida a entidades deportivas sen ánimo de lucro destinadas ao fomento e apoio da realización de actividades deportivas durante o ano 2025

EDICTO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón (A Coruña), en sesión ordinaria do 8 de xullo de 2025 e a proposta de alcaldía, aprobou as Bases da CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DIRIXIDA A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DESTINADAS AO FOMENTO E APOIO DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2025, así como os modelos para a presentación da documentación. Estes modelos estarán dispoñibles na sede electrónica e na páxina web municipal www.padron.gal.

BASES PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DIRIXIDA A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DESTINADAS AO FOMENTO E APOIO DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2025.

1.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Padrón para a prestación de servizos ou a realización de actividades deportivas que complementen ou suplan aos atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento das subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxetividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define na base nº 43 de execución do orzamento en vigor.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas co fin de fomentar e apoiar a realización da actividade deportiva por parte das entidades deportivas sen ánimo de lucro do termo municipal de Padrón durante o exercicio 2025 e para a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenroladas no ámbito federativo ou en competicións recoñecidas pola administración deportiva correspondente, e para a organización de eventos deportivos e competicións no Concello de Padrón.

Non se admitirá a presentación de solicitudes de subvencións que non teñan como finalidade a realización dunha actividade deportiva dentro do termo municipal de Padrón ca única excepción daquelas entidades deportivas sen ánimo de lucro con sede social no Concello que presenten proxectos destinados a competir fóra do termo municipal. Admítese esta excepción entendendo que a participación ou organización destas probas contribúe a acadar logros e recoñecementos para o Concello de Padrón e os seus deportistas.

As actividades clasificaranse a efectos desta convocatoria en dous tipos:

- **ACTIVIDADE COMPETITIVA.** Según a Lei 3/2012, do 3 de abril, do Deporte de Galicia (en diante LDG), considérase actividade deportiva ao exercicio físico regulado, que ten como principal obxectivo a participación e/ou consecución dun resultado deportivo en competicións desenroladas no ámbito federativo ou nas competicións recoñecidas pola Administración deportiva autonómica. Estas axudas están destinadas a sufragar os gastos derivados da participación en diferentes competicións deportivas de modalidades oficialmente recoñecidas por algunha federación deportiva galega ou española.

- **ORGANIZACIÓN EVENTOS DEPORTIVOS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO.** Organización de eventos deportivos e competicións no Concello de Padrón. Enténdense por competicións ou eventos de carácter extraordinario aquelas que teñen unha periodicidade anual ou superior.

O gasto derivado das subvencións outorgadas imputarase á aplicación orzamentaria 341/480.03 do orzamento xeral vixente e quedará limitado polo crédito existente na mesma por importe de 15.000,00 euros.

3.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán actividades subvencionables, ao abeiro das presentes bases, aquelas levadas a cabo no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e ata o remate de todo o procedemento de fiscalización da xustificación da aplicación dos fondos concedidos en concepto de subvención e a aprobación pola Xunta de Goberno Local da conta xustificativa presentada polos beneficiarios.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indudable respondan á natureza das actividades ou proxectos subvencionados, tales como:

- Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto da subvención, como gastos do persoal directamente afectado ao cumprimento da finalidade subvencionada (técnicos, monitores, deportistas, médicos...), equipamento deportivo, desprazamentos (viaxes, aloxamento e manutención), gastos da actividade federativa (licenzas, arbitrxes, canons ou cotas de participación).

- Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto da subvención: cartelería, dípticos e trípticos, suministros e servizos efectuados por provedores e/ou profesionais, etc.

En todo caso, os gastos financiados indicados anteriormente e que deberán reflectirse no respectivo orzamento de solicitude deberán cixir aos gastos directos e estritamente necesarios para o desenvolvemento e execución da actividade deportiva para a que se solicita a axuda e inequivocamente relacionados con ela.

Todos os gastos deberán acreditarse mediante a respectiva factura e no seu caso, a respectiva certificación federativa.

Non poden ser obxecto de subvención aquelas actividades suxeitas a un convenio de colaboración co Concello, nin as que recibisen outro tipo de achega municipal. Tampouco serán gastos subvencionables as cantidades satisfeitas ao Concello de Padrón polo uso das súas instalacións deportivas ou culturais.

O IVE non se considerará en ningún caso subvencionable.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas de outros organismos públicos ou privados, superen o custo da actividade subvencionada.

A solicitude de subvención non poderá superar o 80% do orzamento de gastos previsto ou realizado.

4.- BENEFICIARIOS

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades deportivas que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán ser beneficiarios das subvencións as entidades deportivas que cumpran as seguintes condicións:

- carecer de fins de lucro.
- desenvolver as súas actividades no termo municipal de Padrón.
- non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Padrón.
- non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da LXS.
- estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Padrón

5.- PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE

5.1.- PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE: As solicitudes presentaranse por vía telemática a través da Sede electrónica do Concello de Padrón, accesible a través do enlace: <https://sede.padron.gal/opencms/gl/procedimientosytramites/> dentro do procedemento de Subvencións, utilizando o formulario normalizado de solicitude dispoñible na mesma.

Para a presentación da solicitude por medio electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

5.2.- PRAZO: As solicitudes deberán presentarse no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvenciones.

A presente convocatoria será obxecto de publicidade na Base de Datos Nacional de Subvencións tal e como determina o artigo 18 da LXS.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido así como a non utilización, no seu caso, do formulario normalizado de uso obrigatorio, serán causa de inadmisión da solicitude.

5.3.- DOCUMENTACIÓN:

A solicitude de subvención debe incluír a seguinte documentación:

Os documentos comúns e necesarios a presentar son:

- Solicitude de subvención debidamente cuberta.
- Fotocopia do dni do representante legal.
- Fotocopia dos estatutos da entidade, inscritos no rexistro de asociacións correspondente.
- Certificación da entidade na que faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.
- Copia do CIF da entidade.
- Certificación da federación deportiva correspondente da inscrición do club ou entidade solicitante na competición oficial federada para a que solicita a axuda na correspondente tempada.

1) Solicitude de subvención, segundo modelo normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello, asinada dixitalmente polo presidente e secretario da entidade ou por quen teña conferida a delegación, cumprimentando as especificacións, declaracións e autorizacións que figuran no propio modelo e que se indican a continuación:

- Datos da entidade
- Datos dos cargos representantes
- Persoa de contacto para trámites administrativos.
- Indicar a documentación que se achega, marcando o cadro correspondente.
- Declaración reponsable das subvencións solicitadas e as que lle foron concedidas á entidade para a mesma actividade procedentes de calquer administración ou entidade pública ou privada, nacional ou internacional.
- Declaración responsable de que a entidade solicitante non están incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa/entidade beneficiaria á que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
- Declaración responsable do compromiso de que todo o persoal dedicado á realización de actividades que impliquen contacto habitual con menores cumpre co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do menor (según a redacción dada polo nº 5 do artigo 13 introducido polo apartado oito do artigo primeiro da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE 29 de xullo) e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.
- Declaración responsable do compromiso de xustificar a subvención concedida no prazo establecido.
- Declaración responsable de manter na xustificación o porcentaxe de cofinanciación da solicitude.

2) Actividade competitiva.

- Anexo I debidamente cuberto
- Anexo II (memoria da actividade)
- Certificación da federación galega e/ou estatal da disciplina deportiva correspondente, segundo o modelo normalizado de: categoría superior da entidade deportiva, categorías inferiores con representación, nº de licenzas federadas por categoría e total de licenzas, número de equipos da entidade ou club deportivo por categoría, con indicación de se son masculinos, femininos, mixtos ou capacidades diferentes, número de equipos da entidade ou club deportivo que participen no respectivo ámbito territorial da competición, número total de licenzas federativas da entidade ou club deportivo, na referida disciplina deportiva e por categorías.

* Se é o caso, acompañarase certificación federativa do *ranking* federativo dos deportistas da entidade segundo a modalidade deportiva.

* Os resultados deportivos serán de carácter definitivo no momento de expedir a certificación: da tempada rematada, ou no caso de que non rematase, resultados deportivos na data de publicación no BOP da convocatoria. Esta data só se terá en conta se a tempada non rematase no momento de finalizarse o prazo de presentación de solicitudes.

- Copia do documento de rexistro de inscrición do club ou entidade deportiva no rexistro da Xunta de Galicia.
- Calendarios de competición.

3) Eventos deportivos de carácter extraordinario

- Anexo III debidamente cuberto

- Anexo IV (memoria do evento) que debe incluír: denominación do evento, descrición xeral, destinatarios, localización e cobertura, obxectivos e orzamento de gastos e ingresos por conceptos da actividade.

- No caso de eventos de carácter federado ou puntuables, certificado da correspondente federación.

No suposto de que a unidade xestora detecte calquera deficiencia na documentación presentada realizarase requirimento de enmenda ao solicitante dispoñendo este de 5 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a devandita aceptación para a corrección das deficiencias obxecto de requirimento.

5.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A Comisión de valoración de subvencións procederá a formular a proposta de concesión de subvencións segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que den lugar á proposta.

Criterios xerais para a valoración das solicitudes na concesión das subvencións:

Para efectuar a valoración dos méritos deportivos teranse en conta as seguintes regras:

a) Nos supostos en que os documentos de méritos e circunstancias deportivas presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación dos correspondentes criterios de valoración, asignarase de oficio unha valoración de cero puntos nos criterios afectados.

b) No suposto en que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomaranse en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.

CRITERIOS DE BAREMO PARA A ACTIVIDADE COMPETITIVA.

En base á actividade competitiva outorgaranse un máximo de 100 puntos.

O criterio de reparto será o seguinte:

1) Relevancia da modalidade deportiva e nivel de competición na que participan os equipos. Ata un máximo de 25 puntos.

- Local: 1 punto
- Provincial: 2 puntos
- Autonómico: 5 puntos
- Estatal: 7 puntos
- Internacional: 10 puntos

A puntuación será acumulativa , de tal xeito que se a actividade proposta participa en todas as competicións terá a máxima puntuación (25 puntos).

2) Número total de licenzas federativas da entidade ou club deportivo, na disciplina para a que se solicita a axuda, en función das categorías do club, con especial referencia aos de categorías de base e respectando a igualdade de xénero e oportunidades. Ata un máximo de 50 puntos.

Categoría do Clube	Puntuación por cada unha das licenzas de deportista masculino	Puntuación por cada unha das licenzas de deportista feminino	Puntuación por cada unha das licenzas de deportistas con discapacidade
ATA XUVENIL/JUNIOR	0.35	0.40	0.50
SENIOR/ABSOLUTO e VETERANO/A	0.30	0.35	0.45

A puntuación que figura neste apartado, en cada categoría, aplicarase por cada unha das licenzas acreditadas. Inclúranse no cómputo as licenzas dos técnicos deportivos e adestradores. Non se computarán as licenzas dos xuíces.

Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

3) Memoria da actividade (ANEXO II). Ata un máximo de 10 puntos.

4) Pola participación ou colaboración da entidade solicitante na organización de eventos deportivos propios da Concelaría de Deportes , nos últimos 3 anos: 2 puntos/ano/evento. Ata un máximo de 10 puntos.

5) Competicións deportivas dirixidas a persoas con discapacidade: deporte inclusivo, deporte adaptado ou deporte paralímpico. Ata un máximo de 5 puntos.

CRITERIOS DE BAREMO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO.

Enténdese como organización de eventos e competicións deportivas de carácter extraordinario aqueles eventos que teñen unha periodicidade anual ou superior e se celebran no Concello de Padrón.

En base á organización de eventos deportivos de carácter extraordinario outorgaranse un máximo de 50 puntos.

O criterio de reparto será o seguinte:

1) Memoria da actividade programada. Ata un máximo de 10 puntos.

Valorarase a descrición da finalidade do proxecto para o que se solicita a subvención, a adecuación e coherencia dos obxectivos en relación co proxecto, as características e necesidades da poboación destinataria, protocolos e indicadores de avaliación, recursos humanos, materias e medios técnicos necesarios, a difusión, publicidade, etc, según os seguintes criterios:

- Proxectos fundamentados cunha estrutura interna clara e coherente, nos que se definen adecuadamente e de maneira detallada todos os apartados do ANEXO V. Puntuación: ata 10 puntos.

- Proxectos definidos dunha maneira xeral sen desenrolar pormenorizadamente pero que conteñan os aspectos máis importantes do proxecto, según os apartados do ANEXO V. Puntuación: ata 7 puntos.

- Proxectos definidos dunha maneira indicativa ou nos que non se desenrolan todos os apartados do ANEXO V pero dos que se deduza a súa viabilidade. Puntuación: ata 3 puntos.

2) Por número de participantes directos. Ata un máximo de 20 puntos

Ata 20 participantes: 5 puntos

De 21 a 40 participantes: 10 puntos

A partir de 41 participantes: 20 puntos

Se a actividade subvencionada non se realizaou no momento de presentar a documentación xustificativa, na memoria debe quedar reflexado de maneira clara o porqué se agarda ese número de participantes (ex., en función das inscricións de anos anteriores, por número de inscricións máximas, etc)

3) Grado de interés xeral ou sectorial da actividade no Concello de Padrón, e a coordinación e complementariedade cos programas municipais. Ata 5 puntos.

4) Pola incidencia da actividade no Concello de Padrón, desde un punto de vista turístico, económico ou de recoñecemento a nivel nacional ou internacional. Ata 5 puntos.

5) Por tradición na organización de dita actividade no Concello de Padrón. Ata 5 puntos.

6) Pola participación ou pola colaboración na organización de eventos deportivos propios da Concellería de deportes, nos últimos 3 anos: 1 punto/ano/evento. Ata un máximo de 5 puntos.

En base aos criterios anteriormente expostos, a Comisión de Valoración establecerá, para cada unha das categorías de subvención, e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. A proposta de concesión de subvención aos diferentes solicitantes deberá ter carácter proporcional coa puntuación obtida polos mesmos, de modo que, a maior puntuación maior será a contía da subvención.

6.- DETERMINACIÓN DA CONTÍA DA SUBVENCIÓN E COMISIÓN DE VALORACIÓN.

O reparto das subvencións farase ata esgotar o crédito dispoñible da aplicación orzamentaria correspondente e a contía resultante para cada actividade ou proxecto virá determinada pola seguinte fórmula:

Contía da subvención = Puntos obtidos por parte da actividade obxeto de subvención x Valor do punto correspondente a actividade obxeto de subvención

O valor do punto calcularase según a seguinte fórmula:

Valor punto = Crédito total a distribuír nas subvencións/ Total de puntos obtidos por todas as solicitudes de subvención.

En ningún suposto a contía da subvención poderá superar o máximo subvencionable por actividade previsto na actual convocatoria (3.000€)

Todas as operacións expresaranse en números con dous decimais agás a asignación final que se redondeará a números enteiros.

As solicitudes de subvención serán avaliadas por unha comisión de valoración que terá a seguinte composición:

PRESIDENTE: O Alcalde ou membro da Corporación en quen este delegue

VOGAIS: O Concelleiro delegado de deportes

O Técnico de deportes

SECRETARIO: José Marcelino Rivera Rarís.

SECRETARIA SUBSTITUTA: María Dolores Vázquez González

A Comisión de Valoración poderá recabar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

7.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

Unha vez efectuada a proposta de concesión de subvencións pola Comisión de Valoración, esta será fiscalizada pola Intervención Municipal.

Tras a súa fiscalización, elevarase dita proposta á Xunta de Goberno Local, órgano competente para conceder e denegar as subvencións mediante acordo expreso no que se especifique a relación de solicitantes aos que se lles conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes.

O prazo máximo para resolver será o 31 de outubro de 2025.

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados de acordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015. A resolución de concesión farase pública tamén mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios electrónico do Concello.

Tendo en conta que a obtención concorrente de subvencións doutras entidades públicas ou privadas en ningún caso poderá superar o custo da actividade, de ser así, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión.

8.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Os beneficiarios das subvencións terán que cumprir as seguintes obrigas:

1. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamentou a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente para os fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
2. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando para elo canto información lles sexa requirida.
3. Facilitar a verificación da realización e xestión do proxecto, actuación ou actividade obxecto de subvención, a calquer responsable da xestión e/ou instrución do procedemento do xeito que se considere máis adecuado.
4. Facer constar explícitamente en todo tipo de publicidade e información relativa ás actividades ou proxectos subvencionados que leven difusión ou publicidade (dípticos, carteis, impresos, anuncios, soportes electrónicos ou audiovisuais, páxinas web, redes sociais, etc) o logotipo do Concello de Padrón – según as especificacións de imaxe corporativa que indiquen na Concellería de deportes – en idénticas condicións de visibilidade que o resto de logotipos e sinalar a colaboración do Concello de Padrón na súa financiación naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que as mesmas contan coa subvención do Concello de Padrón. En calquer caso, nos espazos que utilice a entidade e nos lugares de realización das actividades deportivas informarse da financiación pública do Concello de Padrón a través dun cartel de tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará nas redes sociais da entidade, e na páxina web, no caso de dispor dela.
5. Utilizar no exercicio das súas actividades unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non usar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigrante, según o que dispón o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre Igualdade.
6. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
7. Xustificar o gasto realizado improrrogablemente como data límite o 15 de novembro de 2025, de acordo co previsto na base seguinte.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación farase baixo a responsabilidade do declarante e deberá presentarse telemáticamente na Sede electrónica do concello, improrrogablemente como data límite o decembro de 2024.

Deberá presentarse a documentación da conta xustificativa simplificada á que se unirá a seguinte documentación:

- 1) Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- 2) Facturas orixinais ou outros documentos de valor probatorio equivalente e con validez no tráfico xurídico mercantil que acrediten os gastos realizados.

3) Certificación asinada polo/a representante da entidade onde consten as actividades realizadas (anexo I da fase xustificativa).

4) Certificación asinada polo/a representante da entidade de ter cumprida a finalidade da subvencións (anexo II da fase xustificativa).

5) Conta xustificativa da subvención, asinada polo/a representante da entidade (anexo III da fase xustificativa).

Únicamente serán subvencionables os gastos que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realizaran no prazo establecido.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados.

No caso de que o importe dos pagos xustificadas sexa inferior á cantidade asignada ao solicitante, a achega do concello reducirase proporcionalmente ata o importe efectivamente xustificado.

No caso de que non se presente a xustificación dentro do prazo, por acordo da Xunta de Goberno Local, iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso.

O IVE non se considerará en ningún caso subvencionable.

O pagamento dos gastos subvencionables, deberá acreditarse mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención) e a persoa beneficiaria (provedora do ben ou servizo); non obstante, para os pagamentos de gasto que non excedan de 150 euros, abondará có recibí do perceptor inserido no propio documento de gasto.

10.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarios, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos, dará lugar á cancelación da subvención e a obriga de reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

11.- COMPATIBILIDADE

As presentes subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de calquera outra Administración Pública ou ente público ou privado.

12.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ao disposto no Título IV da LXS.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na LXS, así coma na base nº 43 de execución do orzamento en vigor.

Padrón, 09/07/2025

O Alcalde

Asdo. Anxo Rei Arca.

2025/4632